




Taboleiro de Anuncios




Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San
Mamede de Zamáns



NIF:G36691855
Estrada Zamáns, 251 - 36310 Zamáns (Vigo)
Tfno-Fax:986 468039
Email: zamans@zamans.org

FERNANDEZ
Estrada Vilaverde
36310 ZAMÁNS - VIGO



Zamáns, 6- Xuño -2008

Estimados veciños/as:

Como tódolos anos achegámosvos a programación cultural e iniciativas interesantes para os vindeiros meses.

-Espectáculo infantil.

O día 8 de Xuño ás 19 h no auditorio do centro cultural, títeres, compañía Pablo Nojes.

-Concerto corais.

O sábado 14 de xuño ás 21:30h no auditorio, actúan:

Coral Polifónica Santiago Apóstol.

Coral Polifónica O Son dos Cantares de Mos

Coral Polifónica San Mamede de Zamáns

-Concerto de gaiteros e pandereteiras .

O sábado 21 de Xuño a partir das 20:30h no Centro Cultural.

-San Xoán.

O día 23 de Xuño a partir das 21h , sardiñada coa actuación dos grupos de Gaitas e Metais da Asociación e ás 00:00h a tradicional fogueira de San Xoán.

-Clases de apoio no verán.

Impartiranse clases de verán de Primaria e da Eso nas instalacións do Centro Cultural dous días á semana.Os interesados apuntádevos chamando ó tlf:986468039, prazas limitadas.Comezo no mes de xullo.

Os prezos son os seguintes:

Primaria: 41€/mes 4h semanais

1º,2º e 3º da ESO 56€/mes 4h semanais

4º da Eso -1º Bacharelato 60€/mes 4h semanais

-Curso de inglés para nenos.

Aprenderase a falar e entender o idioma nun ambiente divertido e con xogos, 2h semanais, 20€/mes.Comezo no mes de xullo.

-Curso de baile moderno para rapaces e rapazas.

Comezo no mes de xullo, un día á semana 1,5h , prezo 15€.Divértete bailando con música actual e aprendendo coreografías. Apúntate no centro cultural.

Aproveitamos para poñernos como sempre a vosa disposición e agradecervos a colaboración.

Recibide un cordial saúdo.